



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala
15660 - CAMBRE
Teléfono 881 88 03 39
Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CURSO 2019-2020

IES AFONSO X O SABIO CAMBRE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O CURSO 2019-20

OBXECTIVOS

Coa idea de dar unha resposta axeitada á diversidade e que esta non supoña un obstáculo para o desenvolvemento persoal e social dos nosos alumnos/as, establecemos os seguintes obxectivos:

- Procurar unha detección o máis precoz posible das necesidades educativas do noso alumnado para poder establecer o diagnóstico e o plan de intervención máis axeitado.
- Habilitar as condicións necesarias para mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a, ofrecendo respostas ás necesidades individuais e evitando o fracaso escolar e os problemas de integración.
- Diseñar propostas educativas diversificadas no que respecta á organización, procedementos, metodoloxía e avaliación, que respondan ás realidades individuais do noso alumnado.
- Promover a colaboración cos centros adscritos para poder prever as necesidades e acadar unha mellor organización.
- Organizar e coordinar os recursos materiais e humanos dispoñibles para unha maior operatividade.
- Recoller con claridade as posibles medidas de atención á diversidade para facilitar a participación activa de todo o equipo docente no estudio e toma de decisións sobre solucións máis axeitadas ás necesidades do noso alumnado.
- Estructurar o reparto de tarefas e responsabilidades nun clima de colaboración e traballo en equipo.

DETERMINACIÓN DO ALUMNADO QUE SERÁ OBXECTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA.

A detección precoz das necesidades educativas posibilitará ao alumnado a superación das súas dificultades e permitirá unha mellor planificación do centro no que respecta aos recursos humanos. Os instrumentos dos que nos serviremos para detectar as necesidades do alumnado son os seguintes:

- Informes facilitados polos centros de procedencia no caso do novo alumnado, no marco do plan de acollida establecido.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- Resultados das avaliacións finais (ordinaria e extraordinaria), que nos permitirán elaborar previsións para o seguinte curso especialmente no que respecta ás medidas organizativas.
- Avaliación inicial: será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna.
 - Incidirase na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias, no grao de desenvolvemento das competencias básicas e no análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior, completada coa información obtida a través da persoa titora.
- A observación do alumnado na realización de actividades na aula, así como os traballos individuais e de equipo, facilitará a detección de necesidades educativas e de problemas de integración.
- A avaliación continua: terá carácter formativo e orientador, permitindo detectar as dificultades no momento que se producen, e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

Realizado o proceso de detección de necesidades levarase a cabo o reforzo educativo correspondente ou o apoio necesario. De resultar insuficientes, recorríase a outras medidas de carácter extraordinario segundo cumpra: adaptación curricular individualizada, diversificación curricular, ...

Persoal responsable do proceso

O equipo docente do/a alumno/a e especialmente o titor, quen reunirá toda a información.

Na toma de decisións das medidas oportunas participará activamente o departamento de orientación.

Tipo de alumnado a considerar.

Todo o alumnado é susceptible nun ou noutro momento de ser obxecto dalgunha medida, dada a complexidade e variabilidade da evolución persoal, en todo caso podemos delimitar algunhas das situacións a considerar:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- Discapacidades (visuais, auditivas, motoras, ...)
- Dificultades no manexo das técnicas instrumentais.
- Problemas no ritmo de aprendizaxe.
- Avaliación negativa nalgúns das áreas da etapa precedente.
- Promoción de curso sen ter superadas todas as materias.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Repetición de curso na ESO.
- Alumnado inmigrante.
- Sobredotación ou altas capacidades.

Caso particular do alumnado inmigrante

Serán obxecto de medidas de carácter organizativo e pedagóxico nos seguintes supostos:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma, galega e castelá.
- Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.
- Ser alumnado de orixe estranxeira, aínda que non presente as necesidades sinaladas.

1. Medidas:

- Medidas de orientación e acción tutorial que incluírán plans de acollida así como de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do titor/a, coa axuda, se é o caso, do departamento de orientación.
- Medidas de atención escolar de tipo curricular:
- Reforzo educativo
- Flexibilizacións de idade.
- Adaptacións curriculares, no seu caso.
- Este alumnado será obxecto de avaliación inicial no momento da súa incorporación ao centro, e os resultados da mesma condicionarán o nivel no que debe ser escolarizado.



MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da ESO. Non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Medidas curriculares

1. De carácter ordinario.

Teñen como finalidade posibilitar desenvolvementos do currículo diferentes en función das posibilidades e necesidades dos alumnos e alumnas.

1.1. Tutoría

Constitúe unha axuda á individualización do proceso de ensinanza aprendizaxe de cada alumno/a. O titor/a pode chegar a un coñecemento máis fondo das aptitudes e capacidades do alumnado, dos seus intereses e motivacións, así como do seu grao de responsabilidade. Este coñecemento será o punto de partida para, en colaboración co resto de profesores/as do grupo e co Dep. de Orientación, deseñar estratexias para lograr actitudes positivas cara ó estudio e ós compañeiros, hábitos de traballo e comportamentos socialmente adecuados. No presente curso dispoñemos de 26 tutorías, distribuídas, nas etapas con horario de tutoría específico, do seguinte xeito:

- 1º ESO.- 6
- 2º ESO.- 6 e 2ºPMAR
- 3º ESO.- 6 e 3ºPMAR
- 4º ESO.- 5
- FPB1.- 1
- FPB2.- 1

1.2. Reforzo educativo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Entendemos que o RE é a medida máis inmediata para atender ás dificultades. de aprendizaxe e debe ser sempre previa a calquera outra medida de atención. Levarao a cabo o profesor de área no seu grupo clase. É unha medida ordinaria que afecta ós elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a todo o que conforma a opción metodolóxica de cada profesor: secuenciación e organización dos contidos, tipos de actividades, formas e instrumentos de avaliación e agrupamentos na aula.

Será elaborado polo profesor/a que imparte a área, e desenvólvese no contexto ordinario da aula.

1.3. Apoios

É un reforzo realizado por outro profesor. Así, pois, algunhas actividades de reforzo pódese realizar o profesor/a de área no seu grupo de clase, mentres que outras poden requirir a intervención de profesores especialistas de apoio (profesorado de PT) e/ou doutros profesores.

Os apoios realizaranse fundamentalmente nas áreas instrumentais: lingua e matemáticas, pero sempre segundo as posibilidades horarias.

Os pais dos alumnos e alumnas que reciban apoio serán informados das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir. O responsable de facilitar esta información é o titor/a, en colaboración, se é o caso, co departamento de orientación (DO).

Tamén dispoñemos de apoio en Lectura e Escritura: 1 grupo en 1º da ESO e outro en 2º da ESO, coincidindo coa clase de Francés para aquel alumnado con moitas dificultades nesta competencia.

1.4. Recuperacións.

É unha medida de reforzo que se aplicará ao alumnado que promocióne de curso sen ter superado todas as materias, e ao alumnado repetidor. Seguirán un programa destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas

O alumnado con pendentes deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.

No caso do alumnado repetidor estará orientado á adquisición das competencias básicas.

Os Departamentos a principio de curso establecerán os criterios e mecanismos de recuperación, no seu caso, desas materias.



1.5. Programas de tratamento personalizado.

Vai dirixido a alumnado con necesidade específica de apoio educativo. É un conxunto de medidas destinadas á atender necesidades particulares de alumnos que presenten discapacidade física e/ou sensorial e o seguimento dun alumno con diabete crónica.

Neste ámbito dispoñemos dunha persoa cuidadora que atenderá a 1 alumno de 3º.

1.6. Optatividade

É unha medida de atención á diversidade da ESO que favorece a personalización do currículo, de acordo coas capacidades e necesidades educativas do alumnado, co fin de adaptarse ós diferentes estilos de aprendizaxe, de motivar partindo dos intereses individuais e facilitar unha transición á vida adulta. A optatividade na educación obrigatoria concéntrase en terceiro e cuarto da ESO fundamentalmente.

2. De carácter extraordinario.

2.1. Exención da 2º lingua estranxeira.

Prevista para alumnado dos cursos 1º e 2º da ESO que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas áreas de linguas. Reciben reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detectase as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Neste curso teremos dous grupos de apoio en 1º da ESO e outros dous grupos en 2º da ESO que reciben apoio no horario desta materia. DISTRIBUCIÓN:

1º ESO E-F.....14

2º ESO C-D.....12

2º ESO E-F.....4

Tamén para este alumnado de Exención da 2ª lingua estranxeira, temos un apoio especial para os que teñen unha maior necesidade de axuda na lectura e escritura cunha profesora do Departamento de Lingua Castelá con formación específica. Con dous grupos en

1º ESO C-D.....13

2º ESO C-D.....4

2.2. Adaptación curricular individualizada.

Trátase dunha medida extraordinaria de atención á diversidade, que leva asociada a modificación dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son: Obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Diríxese ós alumnos/as que por razóns educativas, sociais, culturais, por déficit de calquera tipo ou por ter capacidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe sen modificar esencialmente o currículo de referencia.

As Adaptacións poden ser Significativas, cando supoñen a eliminación de contidos esenciais e nucleares, obxectivos considerados básicos nas distintas etapas curriculares, ou Non Significativas, cando o que supoñen é un axuste na metodoloxía, actividades, materiais, agrupamentos,...para dar resposta ás necesidades do alumnado.

Neste curso está previsto a continuación, revisión ou establecemento de ACS no número de casos seguintes:

- 1º ESO.- 9 alumnos ou alumnas, que tiveron en cursos anteriores e outros 8 , que non a tiñan no curso anterior, a valorar en cada materia
- 2º ESO.- 6 alumnos ou alumnas, que tiveron en cursos anteriores e outros 5, que non a tiñan no curso anterior, a valorar en cada materia.
- 3º ESO.- 2 alumnos ou alumnas, que tiveron en cursos anteriores.

Medidas Organizativas

Refírense á forma na que están estruturados os agrupamentos para conseguir a atención á diversidade.

1. Grupos específicos temporais.

Están destinados a apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por teren carácter instrumental para seguir a aprender, como é o caso da Lingua ou das Matemáticas, ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia).

Ao remate do curso escolar, o titor/a en colaboración co departamento de orientación elaborará un informe individualizado de cada alumno, indicando a efectividade da medida e a proposta sobre a continuidade ou non dela.

NIVEL	GRUPOS	MATERIAS DO AGRUPAMENTO
1º	(C-D, E-F)	Matemáticas, Xeografía e Historia e Lingua Castelá
2º	(B-C, D-E)	Matemáticas, Física e Química e Lingua Galega
3º	(C-D)	Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega

2. Desdobramentos

Non se configuraron neste curso escolar.

3. Programas de Mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)

A función deste programa é posibilitar que os alumnos/as poidan chegar a 4º da ESO, mediante unha metodoloxía e uns contidos axeitados ás súas características e necesidades.

Neste curso escolar a composición dos grupos destes programas é a seguinte:

- PMAR de 1º ano (para cursar 2º e 3º da ESO).- 5 alumnos.
- PMAR de 2º ano (para cursar 3º da ESO).- 10 alumnos.
- .

4. FPB.

- Informática de oficina 1º ano.- 15.
- Informática de oficina 2º ano.- 12.

5. Outras medidas organizativas que facilitan a atención á diversidade.

SECCIÓNS BILINGÜES

1º ESO A-B: Educación Plástica e Visual

2º ESO A-B: Música

2º ESO A-B: Obradoiro de comunicación oral francés

3º ESO A-B: Música e XH^a

4º ESO A-D: Matemáticas e XH^a

CONVERSACIÓNS EN INGLÉS

1º ESO A,B,C,D,E,F: Unha hora semanal

2º ESO A,B,C,D,E,F: Unha hora semanal

3º ESO A,B,C,D,E,F: Unha hora semanal

LABORATORIO BIOLOXÍA-XEOLOXÍA

1º ESO A,B,C,D,E,F: Unha hora semanal

4º A,B: Unha hora semanal

1º BACH A: Unha hora semanal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

LABORATORIO FÍSICA-QUÍMICA

4º A,B: Unha hora semanal

1º BACH A, B: Unha hora semanal

2º BACH A-B: Unha hora semanal

COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADE DOS IMPLICADOS

Na atención á diversidade están implicados todos os profesores e profesoras. O obxectivo de todo o equipo educativo debe ser común: Ofrecer a cada alumno/a a resposta que precisa ás necesidades que presenta.

En relación directa coa diversidade do alumnado presente nas nosas aulas as funcións de cada profesional son:

1. Titores

- Coordinar a avaliación inicial dos alumnos e alumnas do seu grupo coa colaboración do resto do profesorado e do DO.
- Detectar as posibles dificultades de aprendizaxe.
- Comunicar ao Xefe de estudos e ao orientador os casos detectados para iniciar o proceso de información ás familias, a intervención do orientador e articular a continuación as medidas pedagóxicas necesarias.
- Colaborar co orientador, xunto co resto do profesorado, na avaliación psicopedagóxica.
- Facilitar a integración dos alumnos no grupo.
- Fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo...

- Informar aos pais e ao profesorado dos alumnos e alumnas con necesidades específicas sobre todo aquilo que lles concirne en relación coas actividades docentes e rendemento académico.
- Colaborar co orientador no seguimento das medidas de RE.

2. Profesorado específico de apoio: PT (1 profesora definitiva e outro provisional)

- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación inicial do alumnado que accede á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado ao que lle prestan atención directa.
-
- ATENCIÓN POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
- GRUPOS E ALUMNADO DO CURSO 2018/2019

ATENCIÓN POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

GRUPOS E ALUMNADO DO CURSO 2019/2020

GRUPO	MATERIA	SESIÓNS	PROFESORA	ALUMNADO
1º C	MATEMÁTICAS	3	IRMA LÓPEZ	Cortés Salazar Macarena Garrido Poza, Guillermo Romero Romero, Mikel Balseiro López, Lucía Carballeira López, Antón González Pereira, Sara Santana Hermoso, Mireya Yang, Junjie
	LINGUA GALEGA	2	IAGO FERNÁNDEZ	
	XeHi	1	IRMA LÓPEZ	
	BiXe	1	IRMA LÓPEZ	



1º D	MATEMÁTICAS	3	IAGO FERNÁNDEZ	Lujano Guerra, Ivanna de los Angeles Mañana Espiñeira, Carlos Manuel Rabina Gozález, Kevin Moreno Pan, Leonardo Pena Luna, Hugo
	LINGUA GALEGA	2	IRMA LÓPEZ	
	LINGUA CASTELÁ	2	IRMA LÓPEZ	
	BiXe	1	IAGO FERNÁNDEZ	
1º E	MATEMÁTICAS	3	IRMA LÓPEZ	Lino Zarta, Alejandro López Seijo, Adrián Nemiña Senlle, Juan Carlos Martínez Martínez, Laura Vazquez González, Miguel
	LINGUA CASTELÁ	2	IAGO FERNÁNDEZ	
	LINGUA GALEGA	2	IAGO FERNÁNDEZ	
	XeHi	2	IRMA LÓPEZ	
	BiXe	2	IRMA LÓPEZ	
2º C	MATEMÁTICAS	3	IRMA LÓPEZ	Salzano, Marco Yáñez Méndez, Dixon Alexander
	LINGUA CASTELÁ	2	IAGO FERNÁNDEZ	
2º D	MATEMÁTICAS	3	IAGO FERNÁNDEZ	Chenafa Caamaño, Yasmín Leal de Oliveira, Joao Víctor López Mas, Yaiza López Varela, Carlos Ramírez Barrul, Javier Romero Romero, Cristina
	LINGUA CASTELÁ	2	IAGO FERNÁNDEZ	
	LINGUA CASTELÁ	2	IAGO FERNÁNDEZ	
	XeHi	1	IRMA LÓPEZ	
	FeQ	1	IAGO FERNÁNDEZ	

3. Outro profesorado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Profesorado dos Departamentos de Linguas con función de apoio no horario de Francés para os que están exentos, e unha profesora de apoio a problemas graves de lectura e escritura do Departamento de Lingua Castelá.

Para un adecuado funcionamento das actividades de apoio é necesario establecer unha coordinación entre o profesorado de apoio e o das áreas instrumentais co obxecto de asegurar a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza na aula e o que se realiza nas sesións de apoio.

4. Orientador

- Participar na revisión e nas posibles propostas de mellora, cando cumpra, así como no deseño e desenvolvemento dos diferentes documentos de planificación e xestión do centro especialmente no referente as medidas de atención á diversidade.
- Participar e asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica nas medidas de atención á diversidade.
- Coordinarse coas orientadoras dos CEIP de Cambre para acadar, entre outras, información que facilite a identificación do alumnado con dificultades de aprendizaxe que pasa a secundaria.
- Participar en reunións, xunto coa dirección, co profesorado de 6º de EP, dos CEIP de Cambre coa finalidade de que haxa unha colaboración máis coherente e coordinada entre as etapas de primaria e secundaria. Incidir na actualización do nivel de competencia básica do alumnado e no traspaso de información (entre outras, as medidas que se propoñen para alumnado que promociona sen acadar os obxectivos en tódalas áreas, selección do alumnado para obradoiros,...).
- Revisar os expedientes dos alumnos e alumnas que se incorporan por primeira vez ao centro e dos cales se dispón de información proporcionada pola orientadora do CEIP (informes psicopedagóxicos, logopédicos, informes individuais finais de EP do alumnado con n.e.e. ...).
- Participar nas sesións de avaliación inicial proporcionando ao profesorado os aspectos máis relevantes da información recollida do alumnado, sobre todo dos que poidan precisar medidas educativas específicas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- Colaborar cos titores na relación e información ós pais
- Colaborar co Xefe de estudos na organización e posta en marcha das medidas establecidas para os alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Colaborar co profesorado de apoio na planificación, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Colaborar cos titores no seguimento das medidas de reforzo e apoio educativo.
- Participar nas sesións de avaliación trimestrais e extraordinarias.
- Responsabilizarse da avaliación psicopedagóxica.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

No mes de setembro, antes da celebración do claustro de reparto da carga horaria, no seo da Comisión de Coordinación Pedagóxica o departamento de orientación presentará unha proposta de organización das distintas medidas en cada etapa. Trimestralmente, despois de cada avaliación, haberá polo menos outra reunión de seguimento e coordinación dos departamentos, deixando constancia escrita dos acordos tomados.

Todo o equipo de profesores implicados participarán no seguimento e coordinación a nivel individual e de grupo-aula a través das xuntas de avaliación.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nos plans de traballo individuais introducindo as modificacións oportunas segundo a evolución do alumnado.

A final de curso o departamento de orientación fará unha avaliación do desenvolvemento deste plan tendo en conta as avaliacións trimestrais dos axentes implicados. Os resultados serán presentados nos órganos de coordinación docente.

RECURSOS DISPOÑIBLES

1. Materiais:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Os recursos materiais nos que se baseará o apoio serán os materiais específicos de elaboración propia, os libros de texto do alumno e/ou outro material de aula, completando cando sexa necesario con outros materiais de apoio.

Cos materiais seleccionados, as actividades elaboradas, as programacións realizadas, os departamentos está creando un fondo de recursos que servirá para cursos posteriores.

Contamos ademais cos fondos MORA para atender as necesidades de material específico que se precise para un mellor desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.

2. Persoais:

- 2 especialista de apoio de pedagogía terapéutica (PT).
- 4 profesores de varios Departamentos con funcións de apoio.
- 1 profesora de apoio do Departamento de Lingua Castelá para lectura e escritura.
- 1 cuidadora.
- Profesorado encargado das materias dos agrupamentos, dos programas de diversificación e da FPB.

3. Curriculares:

- Priorización dos contidos mínimos de área.
- Afianzamento, se procede, contidos doutro curso e incluso de 3º ciclo de EP.
- Permanencia dun ano máis no curso. O equipo docente valorará se o alumno desenvolveu as aprendizaxes básicas que lle permitirán seguir avanzando no curso seguinte.

4. Metodolóxicos:

- Partir dos coñecementos previos do alumno (informes titores, avaliación inicial).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- Favorecer a implicación do alumno e da súa familia nos procesos de aprendizaxe. Negociar co alumno a necesidade de incrementar a súa colaboración e participación para poder superar as dificultades.
- Potenciar aprendizaxes funcionais e significativas.
- Propoñer actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis e intereses do alumnado.